

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0217	Atención hixiénica	2022/2023	0	87	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	VERÓNICA LLERA BORJAS, LORENA LIZ JUL (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Organiza as actividades de hixiene das persoas en situación de dependencia e o seu contorno, en relación coas súas características e coas súas necesidades.
RA2 - Aplica técnicas de hixiene e aseo persoal, para o que analiza as necesidades e as condicións da persoa en situación de dependencia e o seu contorno.
RA3 - Aplica técnicas de hixiene do contorno, logo de seleccionar os procedementos e os materiais con criterios de eficacia, prevención e seguridade.
RA4 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención hixiénica, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Interpretouse o plan de coidados individualizado da persoa en situación de dependencia. CA1.1.1 Coñeceuse o concepto de o plan de coidados individualizado da persoa en situación de dependencia e os pasos que comprende.
CA1.2 Identifícaronse as atencións hixiénicas requiridas por unha persoa, tendo en conta o seu estado de saúde e o seu nivel de dependencia.
CA1.3 Relacionáronse as circunstancias da persoa en situación de dependencia coas dificultades que implican na súa vida cotiá.
CA1.4 Identifícaronse as características do contorno que favorecen ou dificultan a autonomía da persoa e o seu estado de hixiene persoal.
CA1.5 Comprobouse que as condicións ambientais sexan as adecuadas para atender as necesidades específicas da persoa. CA1.5.1 Coñecéronse as condicións ambientais adecuadas para atender as necesidades específicas da persoa.
CA1.6 Argumentouse a necesidade de coñecer as posibilidades de autonomía e participación da persoa nas actividades hixiénico-sanitarias e de mantemento das súas capacidades físicas.
CA1.7 Seleccionáronse os recursos necesarios indicados no plan de coidados individualizado ou no plan de vida independente. CA1.7.1 Coñecéronse os recursos necesarios indicados no plan de coidados individualizado ou no plan de vida independente.
CA1.8 Propuxérонse axudas técnicas adecuadas para facilitar a autonomía da persoa na satisfacción das súas necesidades de hixiene. CA1.8.1 Coñecéronse as axudas técnicas adecuadas para facilitar a autonomía da persoa na satisfacción das súas necesidades de hixiene.
CA2.1 Explicáronse as principais medidas preventivas das úlceras por presión, así como os produtos sanitarios para a súa prevención e o seu tratamento. CA2.1.1 Coñécese o concepto e etiopatoxenia das úlceras por presión.
CA2.1.2 Explícanse as medidas de prevención das úlceras por presión.
CA2.5 Describirónse as técnicas de recollida de mostras e eliminacións, tendo en conta as características da persoa en situación de dependencia.
CA2.6 Aplicáronse os procedementos básicos posmorten seguindo o protocolo establecido. CA2.6.1 Coñecéronse os procedementos-protocolos básicos de atención de coidados posmorten.

Criterios de avaliación do currículo

CA2.8 Informáronse as persoas en situación de dependencia e as persoas coidoras non profesionais en relación aos hábitos hixénicos saudables, sobre os produtos e os materiais necesarios, e sobre a súa correcta utilización.
CA3.1 Describironse as condicións hixiénico-sanitarias e de orde da habitación da persoa usuaria.
CA3.3 Describironse as medidas xerais de prevención das doenças transmisibles.
CA3.3.1 Describense as caracterísiticas principais dos eslabóns da cadea epidemiolóxica.
CA3.3.2 Explícanse as medidas de prevención das doenças transmisibles.
CA3.4 Describironse os principios das técnicas de illamento en función do estado da persoa.
CA3.5 Aplicáronse os métodos e as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización de materiais de uso común, respectando os controis de calidade deses procesos e a normativa no tratamento de residuos.
CA3.5.1 Coñecérонse os métodos, técnicas e materiais de limpeza, desinfección e esterilización de materiais de uso común así como os controis de calidade deses procesos e a normativa no tratamento de residuos.
CA3.7 Informouse a persoa usuaria, a familia e as persoas coidoras informais con respecto ás condicións hixénicas que debe cumplir o contorno.
CA3.8 Informouse a persoa usuaria e as persoas coidoras non profesionais con respecto á utilización dos produtos e dos materiais necesarios para a hixiene do contorno.
CA4.1 Identificáronse as características que deben reunir os protocolos de observación, control e seguimento do estado de hixiene persoal das persoas usuarias e do seu contorno.
CA4.2 Recolleuse información sobre as actividades relativas á hixiene da persoa usuaria e do seu contorno, e ás continxencias xurdidas.
CA4.2.1 Coñecérонse os métodos de recollida de información sobre as actividades relativas á hixiene da persoa usuaria e do seu contorno, e ás continxencias xurdidas.
CA4.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
CA4.5.1 Coñecérонse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
CA4.7 Argumentouse a importancia do control e do seguimento da atención hixiénica da persoa usuaria para mellorar o seu benestar.

2.2. Segunda parte da proba**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Organiza as actividades de hixiene das persoas en situación de dependencia e o seu contorno, en relación coas súas características e coas súas necesidades.
RA2 - Aplica técnicas de hixiene e aseo persoal, para o que analiza as necesidades e as condicións da persoa en situación de dependencia e o seu contorno.
RA3 - Aplica técnicas de hixiene do contorno, logo de seleccionar os procedementos e os materiais con criterios de eficacia, prevención e seguridade.
RA4 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención hixiénica, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Interpretouse o plan de coidados individualizado da persoa en situación de dependencia.

Criterios de avaliación do currículo

CA1.1.2 Traballouse o plan de coidados individualizado da persoa en situación de dependencia.

CA1.5 Comprobouse que as condicións ambientais sexan as adecuadas para atender as necesidades específicas da persoa.

CA1.5.2 Estableceronse as condicións ambientais sexan as adecuadas para atender as necesidades específicas da persoa.

CA1.7 Seleccionáronse os recursos necesarios indicados no plan de coidados individualizado ou no plan de vida independente.

CA1.7.2 Empregáronse os recursos necesarios indicados no plan de coidados individualizado ou no plan de vida independente.

CA1.8 Propuxéronse axudas técnicas adecuadas para facilitar a autonomía da persoa na satisfacción das súas necesidades de hixiene.

CA1.8.2 Empregáronse as axudas técnicas adecuadas para facilitar a autonomía da persoa na satisfacción das súas necesidades de hixiene.

CA2.1 Explicáronse as principais medidas preventivas das úlceras por presión, así como os produtos sanitarios para a súa prevención e o seu tratamento.

CA2.1.3 Aplicanse as técnicas de prevención de úlceras por presión.

CA2.2 Aplicáronse os procedementos de aseo e hixiene persoal, total ou parcial, en función do estado e das necesidades da persoa.

CA2.3 Realizáronse técnicas de vestidura e calzado, tendo en conta as necesidades e o nivel de autonomía da persoa.

CA2.4 Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa.

CA2.6 Aplicáronse os procedementos básicos posmorten seguindo o protocolo establecido.

CA2.6.2 Leváronse a cabo os procedementos básicos posmorten seguindo o protocolo establecido.

CA2.7 Adoptáronse medidas de prevención, seguridade e protección individual no transcurso das actividades de hixiene.

CA3.2 Aplicáronse diversas técnicas de realización e limpeza da cama da persoa usuaria, adaptadas ao seu estado e ás súas condicións para favorecer a súa comodidade e o seu confort.

CA3.5 Aplicáronse os métodos e as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización de materiais de uso común, respectando os controis de calidade deses procesos e a normativa no tratamento de residuos.

CA3.5.2 Leváronse a cabo os métodos e as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización de materiais de uso común, respectando os controis de calidade deses procesos e a normativa no tratamento de residuos.

CA3.6 Adoptáronse medidas de prevención, de seguridade e de protección individual no transcurso das actividades de hixiene.

CA4.2 Recolleuse información sobre as actividades relativas á hixiene da persoa usuaria e do seu contorno, e ás continxencias xurdidas.

CA4.2.2 Aplicáronse correctamente as técnicas de recollida de información sobre as actividades relativas á hixiene da persoa usuaria e do seu contorno, e ás continxencias xurdidas.

CA4.3 Cubríronse protocolos manuais e informatizados de observación, seguindo as pautas establecidas en cada caso.

CA4.4 Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diferentes instrumentos.

CA4.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.

CA4.5.2 Empregáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.

CA4.6 Transmitiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para o módulo son TODOS os CA recollidos no Currículo Formativo para o módulo de Atención Hixiénica segundo o refricte a lexislación vixente, onde se establece o Título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

A distribución para a valoración dos mesmos segundo proba teórica ou proba práctica, están recollidos no APARTADO 2A da presente programación. As puntuacións mínimas a obter en cada unha de elles se expoñen a continuación.

A proba libre constará de dúas probas: una teórica e una práctica.

É requisito indispensable para acceder a proba práctica, superar a proba teórica cunha nota mínima de 5,00 puntos.

PROBA TEÓRICA.-

Esta proba constará de dous bloques cada un dos cales terá un valor final de 5,00 puntos, sumando ambas a puntuación máxima dun 10. É indispensable para superar a proba teórica obter unha puntuación mínima dun 2,50 en cada bloque.

A primeira parte desta proba constará de preguntas tipo test das cales cada pregunta mal contestadas penalizá o valor correspondente a metade dunha correcta. As respostas deberán quedar claramente marcadas no espazo habilitado para tal fin, non dando lugar a ambigüidade. Neste caso tomarase a pregunta como incorrecta.

A segunda parte desta proba constará de preguntas a desenrolar as cales deberán estar completas para ser válidas.

PROBA PRÁCTICA.-

Constará de dúas partes, cada unha das cales sumará un total de 5,00 puntos.

Para superar esta proba é obrigatorio superar cada parte cunha puntuación mínima de 2,50 puntos.

A primeira desta parte constará da resolución de casos prácticos e/ou identificación de material e será de forma escrita.

A segunda parte de esta proba constará de técnicas prácticas que se desenrolarán co material dispoñible no aula-taller.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteros. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvimento

4.a) Primeira parte da proba

PROBA TEÓRICA.-

Esta proba constará de dous bloques cada un dos cales terá un valor final de 5,00 puntos, sumando ambas a puntuación máxima dun 10. É indispensable para superar a proba teórica obter unha puntuación mínima de 2,50 puntos en cada bloque.

O primeiro bloque constará de preguntas tipo test. Cada pregunta mal contestada descontará o valor correspondente metade dunha pregunta correcta. As respuestas deberán quedar claramente marcadas non dando lugar a ambigüidade. Neste caso tomarase a pregunta como incorrecta. O segundo bloque constará de preguntas con resposta redactada de forma clara e flexible.

Queda prohibido o emprego de correctores de todo tipo. En caso de equivocación escribirase a palabra NON ao lado da resposta incorrecta e a palabra SI ao lado da correcta. En caso de non estar correctamente indicado,a resposta será incorrecta.

Só se emplegarán bolígrafos azuis e negros de tinta imborrable. Queda prohibido o emprego doutras cores ou de lapiceiros. Non está permitido o emprego de teléfonos móbiles, smartwatch ou cualquier outro dispositivo electrónico.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluir de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as personas aspirantes que levan a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4.b) Segunda parte da proba

Constará de dúas partes, cada unha das cales sumará un total de 5,00 puntos.

A primeira parte trátase dunha proba de recoñecemento de material e/ou resolución de casos prácticos de forma escrita. O alumno/a terá que recoñecer un número determinado de material proposto polo profesor/a e indicar o seu nome e uso. O material poderá ser do aula-taller ou mediante fotografías.

A segunda parte trátase do desenrollo das técnicas propostas polo profesor. Esta levarase a cabo na aula taller do centro.

Para superar esta proba é obrigatorio superar cada parte cunha puntuación mínima de 2,50 puntos.

Só se emplegarán bolígrafos azuis e negros de tinta imborrable. Queda prohibido o emprego doutras cores ou de lapiceiros. Está totalmente prohibido o emprego de teléfonos móbiles, smartwatch ou caquera outro dispositivo electrónico.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluir de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as personas aspirantes que levan a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.